



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A LECTURA DO INFORME TÉCNICO SOBRE AS PROPOSTAS CONTIDAS NO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO «B»: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS CRITERIOS SUXEITOS A AVALIACIÓN PREVIA MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR, E APERTURA DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO «C»: PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE REGRAS OU FÓRMULAS MATEMÁTICAS.

En Chandrexa de Queixa, a 11 de abril de 2019.

Nas dependencias da Casa do Concello de Chandrexa de Queixa, ás dez horas e dez minutos reúnese a Mesa de Contratación, composta na forma seguinte:

Presidenta: Camila Diéguez Arias, Concelleira do Concello de Chandrexa de Queixa da área de sanidade, muller e servizos sociais.

Vogais:

- Javier Martínez de Anta, Xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación Provincial de Ourense.
- José Juan Cerdeira Lois. Director da Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense.
- Jacobo Manuel Rayón Cedeira. Secretario-Interventor do Concello de Chandrexa de Queixa.

Secretaria: M^a. Isabel Vasallo Gil, Auxiliar Administrativa do Concello de Chandrexa de Queixa.

O obxecto desta sesión da Mesa de Contratación é por unha banda, o exame do informe técnico solicitado de valoración das propostas contidas no sobre ou arquivo electrónico «B»: documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor, e por outra banda a apertura do sobre ou arquivo electrónico «C»: proposición económica e documentación do cumprimento dos criterios avaliados mediante regras ou fórmulas matemáticas.

Iníciase a sesión coa lectura do informe técnico solicitado pola Mesa de Contratación reunida o 1 de febreiro de 2019 para a valoración das propostas contidas no sobre ou arquivo electrónico «B»: documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor elaborado por D^a. M^a. Del Mar Ferreiro Broz, subdirectora xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna, de data 15 de marzo de 2019 (Rexistro de entrada nº 281 con data 21 de marzo de 2019), e informe aclaratorio a solicitude da Mesa, que obra no expediente, da puntuación outorgada ás empresas Samaín Servizos á Comunidade, S.A. e Troncoso Casares, S.L. no apartado B "melloras propostas na xestión e explotación", de data 5 de abril de 2019 (Rexistro de entrada nº 281 con data 21 de marzo de 2019).

Os criterios que se valoran son os contidos na cláusula décimo primeira 2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Tras informar da puntuación do informe técnico, a Mesa de Contratación por unanimidade acorda supeditarse ao informe da subdirectora xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna, de data 15 de marzo de 2019, do que se deriva o seguinte resultado:



CRITERIOS	SAMAÍN SERVIZOS COMUNIDADE, S.A.	Á COVIAS S.L.	TRONCOSO CASARES, S.L.
a) Proxecto de xestión e explotación (máx. 35 pts)	25,00 pts	22,00 pts	26,25 pts.
a) 1. Aspectos xerais de funcionamento e organización (máx. 5 pts)	3,00 pts.	2,25 pts.	4,00 pts.
a) 2. Programa de atención na residencia (máx. 10 pts)	8,00 pts.	6,50 pts.	8,00 pts.
a) 3. Estrutura de medios e persoal (máx. 5 pts)	3,00 pts.	2,75 pts.	2,25 pts.
a) 4. Proxecto de mantemento e conservación do interior e exterior (máx. 5 pts)	4,00 pts.	4,75 pts.	4,50 pts.
a) 5. Implantación de sistemas de dietas e flexibilidade dos menús así como aspectos do plan nutricional (máx. 5 pts)	4,75 pts.	4,00 pts.	4,00 pts.
a) 6. Plan de formación de persoal (máx. 5 pts)	2,25 pts.	1,75 pts.	3,50 pts.
b) Melloras propostas na xestión e explotación (máx. 10 pts)	4,50 pts.	8,00 pts.	8,50 pts.
b) 1. Melloras en condicións materiais (máx. 5 pts).	2,00 pts.	3,00 pts.	5,00 pts.
c) 2. Melloras funcionais (máx. 5 pts)	2,50 pts.	5,00 pts.	3,50 pts.
TOTAL (a + b)	29,50 pts.	30,00 pts.	34,75 pts.

A continuación, de acordo co previsto na cláusula décimo quinta dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, a Presidencia ordena a apertura do sobre ou arquivo electrónico «C»: proposición económica e documentación do cumprimento dos criterios avaliábeis mediante regras ou fórmulas matemáticas.

Os criterios que se valoran son os contidos na cláusula décimo primeira 1 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares:

- a) Menores tarifas a pagar polos usuarios: Valorarase até un máximo de 50 puntos.
- b) Mellora no canon. Valorarase até un máximo de 5 puntos.

Acto seguido, dase lectura do contido das ofertas presentadas no sobre ou arquivo electrónico «C», e que se transcriben a continuación:

SAMAÍN SERVICIOS Á COMUNIDADE S.A. con CIF nº A-27.843.192.

CRITERIOS	OFERTA
a) Menores tarifas a pagar polos usuarios	
Prazas para persoas con autonomía (máx. 1.100 €/mes)	1.078,00 €/mes
Prazas para persoas dependentes grado I (máx. 1.350,00)	1.323,00 €/mes



€/mes)	
Prazas para persoas dependentes grado II (máx. 1.500,00 €/mes)	1.470,00 €/mes
Prazas para persoas dependentes grado III (máx. 1.650,00 €/mes)	1.617,00 €/mes
b) Mellora no canon (canon mínimo 50.000,00 €).	51.000,00 €/año

COVIASSTEC, S.L. con CIF nº B-32.240.210.

CRITERIOS	OFERTA
a) Menores tarifas a pagar polos usuarios	
Prazas para persoas con autonomía (máx. 1.100 €/mes)	700,00 €/mes
Prazas para persoas dependentes grado I (máx. 1.350,00 €/mes)	1.000,00 €/mes
Prazas para persoas dependentes grado II (máx. 1.500,00 €/mes)	1.100,00 €/mes
Prazas para persoas dependentes grado III (máx. 1.650,00 €/mes)	1.181,82 €/mes
b) Mellora no canon (canon mínimo 50.000,00 €).	55.000,00 €/año

TRONCOSO CASARES, S.L. con CIF nº B-32.353.195.

CRITERIOS	OFERTA
a) Menores tarifas a pagar polos usuarios	
Prazas para persoas con autonomía (máx. 1.100 €/mes)	1.000,00 €/mes
Prazas para persoas dependentes grado I (máx. 1.350,00 €/mes)	1.300,00 €/mes
Prazas para persoas dependentes grado II (máx. 1.500,00 €/mes)	1.450,00 €/mes
Prazas para persoas dependentes grado III (máx. 1.650,00 €/mes)	1.600,00 €/mes
b) Mellora no canon (canon mínimo 50.000,00 €).	52.000,00 €/año

Sendo as 11:00 dase por rematada a fase pública do acto.

A continuación, a Mesa de Contratación procede a realizar a comprobación de ofertas anormalmente baixas conforme a cláusula décimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas particulares que conforme o parágrafo 2º establece: "(...) El carácter anormal de las ofertas formuladas por los licitadores, se apreciará únicamente respecto al factor de las tarifas por su valor promedio en función de los parámetros objetivos establecidos en el artículo 85 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas aprobado por R. D. 1098/2000, de 12 de octubre (...)"

A este respecto o artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por R. D. 1098/2000, do 12 de outubro, establece que:



Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ó orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ó cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.
5. Excepcionalmente, e atendendo ó obxecto do contrato e ás circunstancias do mercado, o órgano de contratación poderá motivadamente reducir nun tercio no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares as porcentaxes establecidas nos puntos anteriores.
6. Para a valoración das ofertas como desproporcionadas, a mesa de contratación poderá considera-la relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada".

Valor promedio das tarifas:

SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A.: 1.372,00 €/mes

COVIASSTEC, S.L.: 995,46 €/ mes

TRONCOSO CASARES, S.L.: 1.337,50 €/mes

Así, aplicando a fórmula recollida na cláusula décimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas particulares e o artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por R. D. 1098/2000, do 12 de outubro, temos o seguinte:

Media aritmética das ofertas	1.234,98 €/mes
Media aritmética incrementada no 10%	1.358,48 €/mes

Dado que a oferta de Samaín Sevizos á Comunidade S.A. supera o importe de 1.358,48 €/mes, faise preciso calcular un novo valor promedio coas ofertas que non se atopen neste suposto:

Media aritmética das ofertas	1.166,48 €/mes
Media aritmética minorada no 10%	1.049,83 €/mes

En consecuencia, compróbase que a oferta económica presentada por Coviastec S.L. está incurso en presunción de anormalidade



Á vista de todo o actuado a Mesa de Contratación por unanimidade acorda:

Único.- Conceder a Coviastec S.L. un prazo de 5 días hábiles para que presenten unha xustificación adecuada das circunstancias que permitan executar a devandita oferta nesas condicións, conforme os criterios establecidos no artigo 149.4 da LCSP.

Non sendo outro o obxecto da reunión, a Presidenta da por rematado o acto, do que como Secretaria certifico, en Chandrexa de Queixa sendo as doce horas e e quince minutos do día once de abril de dous mil dezanove.

A Presidenta

A Secretaria

Os Vogais

